



Mirás respalda a decisión dos veciños sobre A Penela

Din que o primeiro que ten que facer un bo político é escoitar aos veciños. Por iso, o Concello de Oroso, co alcalde Manuel Mirás á cabeza, continúa a facer as súas reunións periódicas con veciños e veciñas das distintas parroquias. Unha delas, a celebrada o pasado 17 de setembro cos **propietarios de nichos no cemiterio da Penela** (Oroso) foi de especial interese, pois puxo fin a un problema administrativo que viña de vello. Os veciños de Oroso apoiaron totalmente a proposta realizada polo Concello: 97% dos votos a favor e ningún voto en contra. Unha unanimidade que non se veu refrendada no Pleno Municipal, onde o Partido Popular e o Partido Galeguista votaron en contra da proposta veciñal, que saíu adiante grazas aos votos a favor do PSOE e do BNG.

A solución legal ao cemiterio da Penela foi difícil de atopar pero sinxelo de explicar. O Concello cédelle gratis á asociación Orosinos, formada polos propietarios dos nichos da Penela, a parcela do cemiterio durante 75 anos prorrogables (que é a cifra máxima permitida pola Lei). O Concello de Oroso entregará aos propietarios un documento individual que, unha vez asinado e validado, servirá para acreditar a súa propiedade. Con este acordo "os veciños de Oroso terán a seguridade de que no cemiterio da Penela non se toca e poden deixar a súa propiedade en herdanza a quen queiran", explicou Manuel Mirás. E sen que os veciños teñan que gastar un peso.

Así mesmo, o Concello de Oroso reuniuse tamén cos veciños e veciñas de Piñeirón (Gándara), cos que se comprometeu a recuperar a fonte e o lavadoiro da localidade e a mellorar o estado das pistas na aldea, unhas con zahorra e outras con rego asfáltico. Finalmente, o Concello tamén se reuniu coa directiva do Deixebre CF para analizar as súas demandas de cara a nova temporada e que inclúen diferentes arranxos nas instalacións deportivas: céspede, alumeado, pintado do campo, etc.



Concello de Oroso comprometeuse cos veciños do Piñeirón a recuperar a fonte e o lavadoiro desta localidade da Gándara




Comezan as obras de mellora do parque infantil de Sigüeiro



O Concello de Oroso vén de iniciar as obras de mellora do **parque infantil de Sigüeiro**, situado no inicio do Paseo do Carboeiro. Os traballos comezaron coa retirada da area que cubría o firme do parque infantil, que será substituído por outro pavimento: un de caucho no entorno dos xogos (especialmente pensado para incrementar a seguridade dos pequenos) e outro para o tránsito de persoas. A maiores, o Concello procederá á

revisión de todos os xogos e instalará bancos na zona. Un proxecto no que o Concello de Oroso vai investir máis de 41.000 euros e que estará rematado a principios de novembro.




Novas dependencias para mocidade e Policía Local


O Centro Cívico de Sigüeiro recibirá novos "inquilinos" durante este mes de outubro. O próximo martes 8 de outubro, ás 19:00 horas, terá lugar a inauguración oficial da **Aula da Xuventude**, un local que dende principios de mes está a disposición das asociacións xuvenís do municipio. Para o acto oficial contaremos coa actuación de **Leö KCH** (hip-hop) e dun Combo de alumnos da Aula de Música de Oroso. A entrada, por suposto, libre e de balde. Así mesmo, a mediados de mes terá lugar a apertura da nova sé da Policía Local de Oroso, que deixa os baixos da Casa do Concello por unha das esquinas do Centro Cívico de Sigüeiro.



Oroso convoca o obradoiro "Voluntariado e participación" para mozos e mozas de 16 a 30 anos




O centro cultural de Sigüeiro acollerá o luns, 21 de outubro, de 18 a 20:00 horas, o obradoiro: "Voluntariado e participación", dirixido a mozos e mozas de 16-30 anos. Durante dúas horas, informarase sobre os dereitos e as obrigas dos voluntarios, así como sobre os certificados de acción voluntaria e os programas dispoñibles. Os asistentes, que recibirán diploma acreditativo, deberán anotarse antes do 18 de outubro no centro cultural.



Prazo extra para as actividades para maiores: teatro e ximnasia

O Concello abre un prazo extraordinario de solicitude para as actividades para maiores que non acadaron o número mínimo de prazas establecido: teatro e ximnasia (Senra). Máis información no Departamento de Servizos Sociais (rúa do Deporte) antes do 16 de outubro.

Inspección Técnica para Vehículos Agrícolas



Unha unidade móbil da inspección técnica de vehículos agrícolas estará no aparcadoiro do Polígono Industrial de Sigüeiro o 25 de outubro, de 9 a 13:30 e de 15:15 a 18:00 horas. Citas e máis información no 902 30 90 00 ou en www.sycityv.com.



O Concello convoca 20 bolsas e 3 itinerarios para formación de adultos



O Concello de Oroso vai poñer en marcha un programa pioneiro para a formación de persoas adultas, axudándolles así a completar a súa formación profesional a través da aula EducaOroso. "Ímonos centrar nos mozos que abandonaron os seus estudos e tamén en persoas en risco de exclusión social", explica o concelleiro de Ensino, Antonio Leira. Este innovador programa inclúe dúas iniciativas diferenciadas:

1. 20 bolsas para a realización de cursos on-line da Aula Mentor, que lles sairían totalmente de balde aos alumnos. Estas bolsas están dirixidas a rapaces entre 16 e 24 anos que abandonaran o sistema educativo sen obter o graduado en ESO, a alumnos de 3º e 4º da ESO ou de programas de cualificación profesional inicial (PCPI) en risco de exclusión social ou persoas en risco de exclusión social, con informe dos Servizos Sociais de Oroso. Estas bolsas terán unha duración de 2 meses.
2. 3 bolsas para a realización de itinerarios formativos. Os itinerarios constarán de 3 cursos da Aula Mentor, tamén gratuitos, do mesmo sector laboral e para os que o alumno disporá dun tempo de 6 meses. Neste caso, ademais dos requisitos anteriormente mencionados, é preciso xustificar o efecto que terá a realización destes cursos na vida laboral do solicitante.

O prazo de solicitude abrírase o 7 de outubro. Máis información nos Servizos Sociais de Oroso

O prazo de presentación de solicitudes abrírase o 7 de outubro. Os cursos concederanse por orde de solicitude (sempre que cumpran os requisitos da convocatoria), mentres que os itinerarios serán concedidos por unha comisión avaliadora. Máis información no Departamento de Servizos Sociais de Oroso.



Novo alumeadado público no acceso a Porto Avieira



O Concello de Oroso vén de poñer en marcha un **novo alumeadado público na rúa María Casares**, un dos accesos a Porto Avieira, concretamente entre o final da senda peonil que une Sigüeiro coa Gándara e as beirarrúas da urbanización. As obras supuxeron un investimento de máis de 36.000 euros e mellorarán a seguridade viaria de peóns e automobilistas, que non tiñan ningún punto de luz na rúa María Casares. O alcalde

Manuel Mirás supervisou a posta en marcha do alumeadado e adiantou que "nos próximos anos temos a intención de rematar a **senda peonil entre Sigüeiro e Gándara** co tramo da rúa María Casares, no mesmo lado onde vai o alumeadado público que acabamos de estrear". Así, os veciños e veciñas de Porto Avieira estarán unidos con Sigüeiro a través dunha **senda peonil** que parte das propias beirarrúas da urbanización.



Foi noticia...

Un total de 65 obras no GoisOrosoArte 2013

O Centro Cultural Fernando de Casas e Novoa de Sigüeiro acolle ata o venres 4 de outubro a exposición da XVII edición do Certame Internacional **GoisOrosoArte 2013**. A mostra está composta por 65 obras, sobre todo pictóricas, escultóricas e de orfebrería. Trátase dunha selección dos traballos presentes no certame de Góis, celebrada o pasado mes de xullo, ademais das creacións presentadas polos artistas galegos. Entre estas últimas figura a ourive de Oroso **Susi Gesto**, que foi a artista convidada desta edición do certame.



O alcalde de Oroso, Manuel Mirás, destacou que GoisOrosoArte ten contribuído "a descubrir e promocionar o talento de moitos artistas, que son os protagonistas desta acción e sen os cales non sería posible un intercambio de cultura e coñecemento tan rico como o de Góis e Oroso". O rexedor agradeceu o traballo dos artistas durante todos estes anos e destacou a importancia das administracións públicas no desenvolvemento da cultura "a pesar de que vivimos tempos difíciles". Mirás aproveitou para confirmar que continuará apostando pola participación, a promoción e a difusión da cultura porque "é un dos motores que fai avanzar as sociedades".



Un total de 95 ciclistas, de 18 clubs de Galicia, participaron no **I Trofeo Concello de Oroso** de ciclismo. A choiva desluciu un espectáculo que o concelleiro de Deportes, Luís Rey, confirma que terá continuidade o vindeiro ano.



Unha **nova rotonda** dalles a benvida aos peregrinos que chegan a Sigüeiro polo Camiño Inglés. Cun deseño moi orixinal, fusiona a tradición de Oroso coa modernidade, evocando os elementos rurais e o respecto ao medio ambiente.



Un total de 21 veciños participaron durante o pasado mes de setembro nun curso de **habilidades sociais** na busca de emprego, no que tamén aprenderon aspectos básicos sobre o emprendemento como alternativa ao paro.

Axenda: Outubro

4 Presentación do libro "Soñadores sin porvenir" (20 h.)

Fin da exposición GoisOrosoArte 2013

5 Contacontos "Na procura do Tesouro" (11 h.)

8 Inauguración da Aula da Xuventude (19 h.)

11 Festival da Aula de Música (20 h.)
Xornadas de autoemprego e cooperativismo

16 Fin inscrición Teatro e Ximnasia (Senra)

18 Obradoiro: "En busca do libro perdido" (18 h.)

19 Contacontos "Na procura do Tesouro" (11 h.)

21 Obradoiro: voluntariado e participación (18 h.)

25 ITV para vehículos agrícolas

Obradoiro: "Unha de tesouros" (18 h.)

26 Contacontos "Na procura do Tesouro" (11 h.)